

A MELLOR ALTERNATIVA

R

R Estas tres letras simbolizan e resumen o enfoque máis axeitado que se lle pode dar ó tratamento dos residuos.

R

Reducir

REDUCIR ó máximo o volume dos residuos, non mercando máis que os produtos necesarios e aproveitándoos ata o seu consumo total. Limitar a cantidade de embalaxes, o uso de produtos tóxicos e perigosos, e de todos os derivados dos combustibles ou daqueles que os precisen para a súa elaboración.




Europa iniciou unha política de redución que obriga ós fabricantes a utilizar menos embalaxes e a usar materiais reutilizables.

Hai que substituír os produtos de vida curta polos de longa duración e reducir a fracción de embalaxes que é a que máis engorda o caldeiro do lixo.

Reutilizar

Reutilizar os materiais todas as veces que sexa posible e/ou adaptalos para novos usos.



Cada buzón recibe ó mes máis 1,25 quilos de sobres e folletos

Reciclar

Seleccionar e utilizar os materiais para recuperar as materias primas coas que están feitos e elaborar, a partir delas, novos produtos.



OBXECTIVOS DA UNIÓN EUROPEA PARA A RECICLAXE:

75% de papel
75% de vidro
40% de plástico
90% de metais
50% de outros materiais